

UNIVERSALIDADE

No seu desexo de dar cabida a autores contemporáneos doutras literaturas, o Pen Club pon en marcha, a través de Danú Edicións, a serie “O gato tradutor” que se inaugura cun volume de *Poesía brasileira hoxe*, antologado por Alexei Bueno. Trátase dunha selección de vintecatro poetas nados entre 1917 e 1966 que representan diferentes tendencias líricas e van precedidos dunha documentada introdución sobre esa realidade literaria tan rica que é a brasileira. Así, as voces destes autores fanse universais no deleite que provoca en nós a lectura desta antoloxía.

Tempos Novos, 93, febreiro 2005, p. 70